



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE DIVERSIDADES, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS QUE FINALIZAN O ITINERARIO DENTRO DO SISTEMA DE ACOLLIDA DE PERSOAS SOLICITANTES E BENEFICIARIAS DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL E QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE EXTREMA VULNERABILIDADE NO CONCELLO DE TUI , NO EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA TRANSPARENCIA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade citada o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2021, financiándose, sen embargo, os gastos realizados dende o 1 de xullo do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración consistirá en levar a cabo as medidas que son continuidade e peche dos itinerarios que se levan traballando nesta entidade con cada persoa en situación de vulnerabilidade no concello de Tui.

A actuación da entidade que suscriben o convenio está orientado en dúas liñas:

-xestión de axudas económicas de necesidades básicas e aloxamento de emerxencia para sete familias dentro do concello de Tui.

Serán destinatarias do programa as persoas que no concello de Tui, foron beneficiarias do Programa de Acollida de Protección Internacional e quedan en situación de irregularidade sobrevida.





Que existe converxencia de intereses entre a entidade asinante para a consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A concesión directa da axuda prevista neste convenio de colaboración xustifícase porque a entidade DiVERSIDADES, leva a cabo uns métodos de traballo e experiencia que lles confire unha especialización nesta materia, de xeito que poden atender coa urxencia que requiren as situacións que se están a dar nestas persoas e que non se poden demorar por motivos de carácter humanitario, entre outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa finalidade de cumprir o preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

